

Axudas á publicación en aberto 2021

Convocatoria 2021

DATOS XERAIS	
Texto da convocatoria	ENLACE Á CONVOCATORIA
Descrición xeral	A convocatoria ten por obxecto mellorar a presenza da Universidade nos rankings internacionais incentivando a publicación en aberto nas máis prestixiosas publicacións do JCR, Scopus e outras bases de datos de recursos bibliográficos electrónicos de referencia, como CIRC, clasificación integrada de revistas científicas de Ciencias Sociais e Humanas
Número e importe de las axudas	O importe destas axudas irá destinado a cofinanciar as publicacións en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR e Scopus ou A+ e A segundo os criterios de CIRC, Clasificación Integrada de Revistas Científicas . En función do crédito dispoñible en cada fase o importe do cofinanciamento poderá alcanzar como máximo o 75 % da factura correspondente á cota de edición dos artigos publicados/aceptados sen que poida superar os 4.000,00 €
Condicións:	<p>Artigos publicados/aceptados, <u>entre o 1 de novembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021</u>, d'acordo coas seguintes condicións:</p> <ol style="list-style-type: none"> Só se concederá unha axuda por solicitante no ano en curso. Só se concederá unha axuda por artigo. Algún dos autores do artigo debe ter vinculación contractual ou estatutaria coa USC. No momento da solicitude admitirase a factura pro forma do artigo quedando condicionada a concesión da axuda á existencia de factura orixinal. A data da factura deberá estar comprendida 1 de novembro de 2020 e o 31 de outubro de 2021. En caso de que o custo do artigo xa se teña imputado contablemente a unha partida orzamentaria da USC no momento da tramitación da solicitude de axuda, non poderá ser obxecto de financiamento desta convocatoria de cumprirse algunhas destas dúas condicións: <ol style="list-style-type: none"> Se o custo figura imputado a outros programas ou axudas que xa foran xustificadas pola USC ao organismo financiador. Se o artigo está asociado a un proxecto europeo que teña recoñecido financiamento específico para este mesmo fin (gastos de publicación en aberto). A factura deberá estar emitida a nome da USC Non se financiarán custos derivados da tradución do artigo. Só os custos de publicación en aberto
Proceso de presentación de declaración de interese para participar nesta convocatoria	<p>As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse a través do REXISTRO ELECTRONICO DA USC indicando os seguintes datos:</p> <p>Órgano ao que vai dirixido: Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) Asunto da solicitude: Axudas a publicacións en Aberto 2021 Expón que: Debe indicar o código do grupo ao que pertence Solicita: participar na convocatoria</p> <p>O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte da publicación da convocatoria e estará aberta ata o 31 de outubro de 2021. No obstante a efectos dunha mellor xestión da convocatoria e das solicitudes que se presenten establécense dous períodos diferenciados de resolución de solicitudes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Fase 1: para a solicitudes presentadas ata o 30 de abril de 2021 ➤ Fase 2: para as solicitudes presentadas entre o 1 de maio e o 31 de outubro de 2021 <p>A partir do día seguinte da recepción da solicitude na Subárea de Convocatorias e RRHH de Investigación, a persoa solicitante recibirá un e-mail onde se lle solicitará completar os datos da súa solicitude (datos do artigo, DOI, etc)</p>